

Infórmate a Fondo

NÚMERO **135** 3º TRIMESTRE 2014

Autorízase a reprodución e divulgación desta folla informativa

www.fondogalego.org



A OLLADA EXTERNA:

Entrevista con María Mera

**“Posicionarse ten represalias,
por iso hai medo, e máis
no caso do conflito israelí-
palestino”**

12

FONDO DE ARMARIO

7

**OS PROXECTOS EN TERREO:
Rematan as actuacións e
continúa a sensibilización**

10

Apoio á reconstrución
de Gaza e Filipinas
e a seis ONGD

2

Intercambio de
experiencias educativas
en Holanda

4

Rematan as Vacacións
con Traballo en Cabo
Verde e Nicaragua

5

Votación online
do concurso fotográfico
Imaxes con Fondo

7

ACTUALIDADE DO FONDO

O Fondo Galego apoia a reconstrución de Gaza e Filipinas e cofinancia seis novos proxectos de ONGD

A Asemblea xeral de socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade aprobou destinar 20.000 euros á recuperación de Palestina tras os últimos bombardeos israelís e outros 10.000 euros á poboación filipina afectada polo tifón de 2013. No encontro celebrado o 22 de outubro en Santiago de Compostela resolveuse ademais cofinanciar con 152.345 euros seis proxectos de ONGD galegas en países empobrecidos.

A Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina (UNRWA) recibirá 10.000 euros para apoiar o traballo dos equipos de **saúde mental** da entidade que atenden á poboación no contexto postbélico. Os outros 10.000 euros canalizaranse a través da Asociación Médica Hispano Palestina, que vehiculiza a entrada e distribución de **material médico e farmacéutico** na Franxa.

Doutra banda, os 10.000 euros para Filipinas corresponden a **achegas extraordinarias** dos **Concellos de Narón e Pontevedra**, xunto coa re-

cadación dun concerto solidario organizado polo **Concello de Lugo**. A doazón destinarase ao Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (Acnur), que a investirá en proporcionar **refuxio e materiais de primeira necesidade** ás comunidades do arquipélago. Esta contía súmase aos outros 10.000 euros xa mobilizados o ano pasado poucos días despois do paso do ciclón Haiyan, cos que se dotou 1.000 familias damnificadas de tendas e artigos non alimentarios básicos de emerxencia.

Latinoamérica e India

Nicaragua, Honduras, Perú, India e Guatemala son os lugares onde seis ONGD galegas desenvolverán proxectos de cooperación internacional cofinanciados polo Fondo Galego, segundo a resolución da convocato-



Representantes das administracións locais tras a Asemblea

ria de axudas ratificada pola Asemblea. Todas elas traballan **en parcería con organizacións locais** e levarán a cabo ademais actividades de **sensibilización en Galicia** para concienciar fronte as desigualdades.

A proposta de Amigos da Terra busca facilitar o **acceso á auga** dun milleiro de nicaraguanas e nicaraguanos mellorando a infraestrutura e o manexo das fontes, ao tempo que se achegan solucións como a depuración biolóxica. No mesmo país, Taller de Solidaridad contribuirá a fortalecer o **turismo sustentable** potenciando a autosuficiencia financeira dun centro rural. Mellorar o acceso á auga potable e ao saneamento en sete municipios mediante unha xestión integrada é o fin último da iniciativa formulada por Enxeñería sen Fronteiras no Golfo de Fonseca, onde se desenvolverán **formacións e estudos** para formular os plans necesarios.

Intered promoverá en Perú a participación das mulleres quechuas e aimaras co fin de mellorar os servizos de atención ás vítimas de **violencia familiar e sexual**. Tamén na India a ONGD Implicadas no Desenvolvemento apostará por impulsar a **participación social e política** dunhas 1.500 mulleres do rural, mentres que en Guatemala Arquitectos sen Fronteiras colaborará no desenvolvemento autónomo apoiando unha **cooperativa local** de materiais de construción e reactivando a organización comunitaria, con enfoque de xénero.



Unhas 3.000 familias seguen vivindo en tendas en Filipinas. FOTO: P. Behan/ACNUR



Preto de 400.000 nenas e nenos precisan apoio psicosocial en Gaza. FOTO: S. Sarhan/UNRWA

ACTUALIDADE DO FONDO

Intercambio de experiencias sobre educación para o desenvolvemento en Holanda

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade compartiu en Holanda a súa experiencia no eido da educación para o desenvolvemento con entidades neerlandesas, alemás e portuguesas. Baixo o título **“Aprendizaxe global para unha efectiva cooperación ao desenvolvemento”**, o intercambio de boas prácticas celebrado a comezos de outubro encadrábase na segunda fase do proxecto europeo Redes para o Desenvolvemento, que tamén se presentou recentemente en Mallorca no Fórum da Cooperación Municipalista desde a UE.

Tras as presentacións no **Concello de Amsterdam**, a comitiva trasladouse á veciña vila de Helmond para coñecer as iniciativas de educación para a cidadanía global que se levan a cabo nunha escola, na que tiveron a oportunidade de **entrevistarse con estudantes e profesorado**. Nas xornadas

de traballo posteriores, debateuse sobre as **metodoloxías e materiais** empregados polos distintos socios do proxecto europeo: o Instituto Marquês de Valle Flôr (Portugal), Fine+p (Alemaña), o Consello Nacional para Parcerías das Cidades entre Países Baixos e Nicaragua (Holanda) e o propio Fondo Galego. O secretario da asociación municipalista, Daniel González Palau, explicou como os concellos conciencian contra as desigualdades a través de contos, obradoiros, cine, exposicións ou unidades didácticas.

Foro europeo en Mallorca

O Fondo Galego participou tamén a finais de setembro en Palma de Mallorca no Fórum da Cooperación Municipalista desde a Unión Europea organizado polo Fons Mallorquí de Solidaritat i Cooperació. O secretario da entidade e a secretaria técnica da Rede Intermunicipal de Cooperação para o Desenvolvemento expuxeron o proxecto europeo cuxa primeira fase contou tamén co asesoramento da asociación e culminou coa creación desta alianza de municipios portugueses.

Coas presentacións nas Illes Balears e en Holanda ponse de relevo o papel do Fondo Galego como referente dunha cooperación descentralizada eficaz e con resultados recoñecidos.



Alumnado da escola holandesa visitada pintando un mural sobre Nicaragua



O secretario do Fondo Galego e Hermínia Ribeiro na presentación de Mallorca

ACTUALIDADE DO FONDO

Rematan as #VacaciónsConTraballo

Emma Teixeira, técnica de Orientación Laboral no **Concello de Pontevedra**, e **Estela Iglesias**, técnica de Comunicación e Turismo no **Concello de Allariz**, veñen de rematar as súas Vacacións con Traballo. Ambas as dúas prazas do programa de voluntariado asociáronse este ano a senllos proxectos de cooperación internacional cofinanciados polo Fondo Galego.

A pontevedresa participou no fortalecemento dunha **cooperativa de mulleres artesás** na municipalidade caboverdiana de Ribeira Grande entre o 13 de setembro e o 12 de outubro. Cualifica a súa experiencia de “marabillosa polas mulleres, por compartir vivencias e porque sobre o terreo comprobamos a importancia da cooperación internacional”. **“As mulleres lembráronme moitísimo ás galegas: fortes, decididas, loitadoras, mulleres moi traballadoras ás que nunca se lles recoñece ese esforzo”**, comenta a voluntaria.

Pola súa banda, Estela Iglesias colaborou, entre o 24 de setembro e o 25 de outubro, no proxecto de **turismo comunitario** liderado



Emma Teixeira practicou a confección de artesanías




Estela Iglesias “coas mans na masa” en Nicaragua

pola ONGD Instituto de Promoción Humana-Somoto en Nicaragua. A allaricense considera que “aínda están na fase de despegue, pero as potencialidades son moitas”. No entanto, estima que a posta en marcha desta iniciativa “xa é un éxito en si, porque conseguiu que boa parte das persoas das comunidades cambien de mentalidade e **valoren os seus recursos como unha oportunidade**”.

As experiencias de ambas as dúas voluntarias poden seguirse no blog de Vacacións con Traballo.




O proxecto en Cabo Verde inclúe a alfabetización



O turismo sostible pon en valor a fermosa paisaxe



FONDO DE ARMARIO



Xornadas de Cooperación #Alén2015

As Xornadas de Cooperación promovidas polo Fondo Galego chegan este ano á súa novena edición. Baixo o título “**#Alén2015: Os Obxectivos do Milenio, fin e principios**”, debaterase sobre a nova Axenda Post 2015, cando os ODM sexan substituídos polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Está previsto contar coa participación de persoas expertas das Nacións Unidas e da Rede Mundial de Cidades e Gobernos Locais e Rexionais, entre outras entidades. O **Concello de Vigo** acollerá o encontro na Casa Galega da Cultura, situada na Praza da Princesa, onde tamén se instalará a exposición “Galicia-Cabo Verde, unha irmandade”, coas fotografías de Rober Amado, gañador do concurso Imaxes con Fondo en 2012. No transcurso do evento, que terá lugar o 10 de decembro de 9 a 14.30 horas, coincidindo co **Día Internacional dos Dereitos Humanos**, entregaranse ademais os premios da edición en curso.



Votación online de #ImaxesConFondo

Ata o 15 de novembro permanece aberto o prazo para concursar no certame fotográfico Imaxes con Fondo 2014, que convida a reflexionar arredor da solidariedade e da nosa responsabilidade na construción dun mundo máis xusto. A continuación, abrirase a fase de votación online a través da páxina do Fondo Galego en Facebook, na que será imprescindible premer inicialmente no “gústame” para participar. As quince propostas mellor valoradas de cada categoría serán avaliadas despois polo xurado, que estará composto polos fotógrafos Rober Amado e Marcos Míguez, a presidenta da Coordinadora Galega de ONGD, Gemma Filgueira, e mais dúas persoas da Comisión Executiva do Fondo Galego. No apartado de persoas adultas, **o premio será unha viaxe a Nicaragua** para retratar os proxectos alí apoiados. A sección xuvenil, dirixida a mocidade de entre 14 e 17 anos, está dotada cunha **cámara réflex**.



Recta final dos encontros dixitais

Os ciberencontros #Alén2015 convocados unha vez ao mes ao longo de 2014 co fin de reflexionar sobre os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio entran na súa recta final. O coordinador de campañas e redes de Manos Unidas, Marco Gordillo, protagonizará a entrevista online de outubro o mércores 29 a partir das 12 horas. A organización de codesenvolvemento Amarante Setem, especializada no comercio xusto e o consumo responsable, será a convidada de novembro. En decembro, antes das vacacións de Nadal, agárdase a participación de Médicos sen Fronteiras, cuxo labor está de máxima actualidade a raíz da crise do ébola. Quen non poida participar en directo lanzando as súas preguntas nos perfís de Facebook e Twitter pode deixalas con anterioridade tanto nestas redes sociais como no enderezo fondogalego@gmail.com. Na web do Fondo Galego recompílanse as conversas.




Día contra a Pobreza #170

Con motivo do 17 de outubro, Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o Fondo Galego colaborou coa Coordinadora Galega de ONGD para facilitar a implementación de actividades das organizacións non gobernamentais nos concellos socios. Exposicións sobre comercio xusto, soberanía alimentaria, igualdade de xénero, dereito á educación ou dereito á auga amosáronse durante todo o mes nos **Concellos da Larcha, Burela, Pontecesures, Rianxo, Rodeiro e Valga**. Outras administracións sociais sumáronse á conmemoración acollendo as propostas habituais da entidade para concienciar sobre as desigualdades, que van desde contacontos e mostras ata os obradoiros e aulas maxistras de fotografía social. O Fondo Galego colabora tamén na difusión de propostas da campaña **Impórtanos!**, do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade de Vigo, no marco da iniciativa Pobreza Cero.



Convenio coa Xunta de Galicia

A Vicepresidencia da Xunta asinou un convenio de colaboración co Fondo Galego para cofinanciar o Plan de Sensibilización 2014, que busca fortalecer desde o local a concienciación da sociedade galega en torno á cooperación para o desenvolvemento. **O orzamento do plan ascende a 63.414 euros, dos que a Xunta de Galicia achegará 40.000 euros.** Desde o ano 2000, o goberno autonómico vén colaborando coa asociación municipalista no eido da sensibilización e da educación para o desenvolvemento, a través da sinatura de diferentes acordos. A sinatura do convenio anual está recollida no III Plan Director da Cooperación Galega, aprobado en marzo no Parlamento, documento que pon de relevo a valía do Fondo para potenciar a cooperación local e así mellorar a súa coordinación e capacidade.



Canle de audios en Ivoox

O Fondo Galego vén de abrir unha canle de audios na plataforma Ivoox para dispoñibilizar unha selección de material de arquivo de interese xeral. Os podcast poden escoitarse, descargarse e mesmo compartirse directamente en blogs ou redes sociais. Existe ademais a posibilidade de valorar os contidos ou subscribirse para recibir as actualizacións. O espazo, que se irá renovando periodicamente, **arrinca cunha dúcia de cortes xerados durante os catro últimos anos.** Entre eles atópanse entrevistas aos parceiros do Sur, conferencias sobre os proxectos de cooperación internacional, roldas de prensa nas que se presentaron distintas iniciativas ou as mesas redondas das Xornadas de Cooperación que cada ano organiza o Fondo. A nova canle encádrase no Plan de Comunicación Online para adaptarse ás ferramentas 2.0.

* OS PROXECTOS EN TERREO: Rematan as actuacións e continúa a sensibilización

En Mozambique e El Salvador xa remataron as actividades dos proxectos cofinanciados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade correspondentes á convocatoria de axudas de 2013 para ONGD, mentres que en Cuba as actuacións seguen avanzando. Así mesmo, Ecos do Sur implementou xa a as actividades de sensibilización correspondentes en Galicia, e Agareso e Asemblea de Cooperación pola Paz farano nos próximos meses.

En canto aos proxectos nos que o Fondo Galego coopera directamente cos seus parceiros en países do Sur, as intervencións en Cabo Verde e Nicaragua para loitar contra a pobreza extrema fomentando alternativas económicas seguen en marcha, en ambos os dous casos cunha destacada achega económica por parte do **Concello de Vigo**.

Cooperación directa

No arquipélago africano estase a promover a **igualdade de xénero** no municipio de Ribeira Grande traballando coa cooperativa

Sulada para acadar o empoderamento socioeconómico das súas integrantes, que están a recibir formación en artesanía, xestión, alfabetización, autoestima, etc. A Asociación para a Cooperación con Cabo Verde, que naceu en **Burela**, actúa como parceiro e vínculo con Galicia nesta iniciativa.

Unha artesá do **Concello de Boiro** viaxou ademais a terreo para colaborar na mellora da produción dos xabóns e cosméticos naturais elaborados polas mulleres a partir de plantas como o áloe e a purgueira, con múltiples propiedades, baixo a marca "Raíces". Ana Vázquez impartiu unha serie de capacitacións co obxectivo de incrementar a calidade dos produtos, diversificar a oferta con novas cremas,

aprender a empregar moldes máis prácticos e contar con embalaxes atractivas.

En Nicaragua tamén avanza nos municipios de Totogalpa e Somoto o proxecto co Instituto de Promoción Humana a prol do turismo comunitario. Na primeira fase da iniciativa, acondicionáronse algunhas vivendas familiares para a hospedaxe de viaxeiras e viaxeiros, que poderán convivir así coa poboación indíxena e participar das actividades agrícolas. As persoas implicadas realizaron ademais unha xira por comunidades con experiencias semellantes para intercambiar experiencias e tirar aprendizaxes en eidos coma a atención ao cliente ou servizos de aloxamento. Tamén se están a impartir capacitacións en



Ecos do Sur realizou actividades de sensibilización en escolas galegas



Radio Tehuacán gravou programas ambientais co alumnado salvadoreño

artesanías, como olería e bordados, alén de erguer infraestruturas como os baños do albergue turístico.

Cooperación indirecta

Ecos do Sur vén de concluír a **mellora das condicións educativas e sanitarias na escola de Hitakula das Mahotas** (Maputo), en parcería con Adane Moçambique. A intervención cofinanciada polo Fondo Galego, que se orientou ao sistema de auga e saneamento e ás formacións en hixiene, beneficia a máis de 2.500 alumnas e alumnos. A ONGD realizou asemade as actividades de sensibilización relacionadas, sobre a realidade africana

e as causas da pobreza, en centros educativos de **Culleredo** e **As Pontes** primeiro, e por último no CEIP Vista Alegre e no CEIP Virxe do Carne de **Burela**.

Tamén se pechou no Bajo Lempa o proxecto impulsado pola Asociación Galega de Reporteiros Solidarios e a ONGD local Cordes, coa emisora comunitaria como aliada na **prevención e redución da vul-**

nerabilidade ante o risco de inundacións. Radio Tehuacán emitiu cada semana o espazo 'En contacto coa natureza', pero ademais trasladouse a nove centros educativos para realizar programas ambientais co alumnado, aos que se engadirá un máis protagonizado polo profesorado para avaliar a iniciativa.

En once centros escolares impartíronse asemade obradoiros de sensibilización, tras os que se convocou un **concurso de debuxo** sobre temáticas como o cambio climático, os tsunamis ou a reciclaxe, no que se premiou a 39 estudantes cun par de zapatos, tres cadernos e lapis. Tres Comisións Comunais de Protección Civil dos municipios de Tecoluca

e Zacatecoluca recibiron á súa vez capacitacións sobre a prevención e preservación de medios de vida. En institutos de dez vilas galegas **concienciáronse sobre o traballo comunitario cun documental** realizado en terreiro.

Mentres tanto, na Habana Asemblea de Cooperación pola Paz e a Oficina do Conservador da Habana avanza na rehabilitación da torre do antigo convento de Belén que formará parte do **Centro de Interpretación da Meteoroloxía**. O obxectivo é **mellorar as capacidades da poboación para a prevención de desastres**, ao tempo que se recupera un Ben de Interese Cultural. Cinco deputacións ou concellos socios do Fondo Galego van acoller accións sensibilizadoras ao respecto, como charlas e exposicións.



Na Habana xa dispoñen dos materiais necesarios para rehabilitar a torre

* A OLLADA EXTERNA

María Mera:
“Posicionarse ten represalias, por iso hai medo, e máis no caso do conflito israelí-palestino”

María Mera non para. Lánzase a segunda temporada da exitosa serie ‘O Faro’, forma parte do xurado do programa ‘Os Aspirantes’, participa en varias películas pendentes de estrea e polo medio patina, escribe, grava videoclips, actúa en curtas e mesmo saca tempo para colaborar con entidades sociais ou denunciar situacións de inxustiza a través das redes. Aínda despois de saltar á fama coa serie “Matalobos”, esta actriz e presentadora, orgullosa da súa terra e da súa lingua, non deixou de formarse

nin de aprender coas novas experiencias.

Hai un tempo preguntábaslle ás túas seguidoras e seguidores en Facebook que lles gustaría cambiar deste mundo. Que lle gustaría cambiar a María Mera?

Fáltame tempo para poder dicir todo o que me gustaría cambiar, pero o máis fundamental para min, sería que este mundo fose un pouco máis XUSTO, empezando polo que podemos achegar cada un de nós na nosa contorna.

Tes colaborado con entidades solidarias na presentación de eventos e mesmo es madriña da asociación Sarela de persoas con dano cerebral. É importante que as personaxes públicas se impliquen neste tipo de causas? Que che aporta no teu caso?

É importante porque nós, as persoas públicas, debémoslle a



A actriz e presentadora María Mera



nosa popularidade ao público, e participar neste tipo de causas é unha forma de devolverlles unha pequena parte do que eles nos dan. A min apórtame moitísimo a nivel persoal, é un regalo saber que podes axudar aos demais, e sobre todo este tipo de colaboracións faime medrar como persoa, coñecer diferentes formas de ver a vida e aprender delas, e sobre todo a valorar moito o que son e o que teño.

“Confío en que co tempo a xente valore toda a calidade e a creatividade que temos en Galicia”

Durante os últimos ataques a Palestina, denunciaches a ocupación Israelí. Cres que hai medo a posicionarse publicamente perante este e outros conflitos por posibles represalias?

O caso de Palestina, é un tema que me toca moi de cerca, pero aquí non é unha cuestión de bandos senón de respecto a Humanidade. Posicionarse

sempre ten represalias, por iso hai medo, e no caso do conflito israelí-palestino máis se cadra, xa que a industria do cine de Estados Unidos adoita ter unha clara posición de apoio a Israel sexan cales sexan as súas accións. Todo o mundo lembra como Javier Bardem e Penélope Cruz tiveron que rectificar a súa denuncia ao masacre que se estaba cometendo en Gaza, polas presións doutros actores de Hollywood.



Fotomontaxe reivindicando o fin da ocupación en Gaza

Alén de interpretación e turismo, tamén estudaches xornalismo e de cando en vez podemos ler algúns dos teus artigos. Que opinión che merece o panorama mediático actual?

Un mercado pouco plural, onde o panorama se divide en dous grandes grupos mediáticos, Atresmedia e Mediaset, con dúas liñas editoriais enfrontadas. E por outro lado os medios de comunicación públicos, que

loitan por sobrevivir deixando ás veces de lado a súa misión de televisión pública.

“Gustaríame que este mundo fose máis xusto, empezando polo que podemos achegar cada un de nós”

A comunicación evoluciona cara novos formatos e ti es moi activa nas redes sociais. Ata que punto é relevante a interacción coas e cos fans?

É unha opción persoal de cada artista. Para min é importante porque son eses fans os que ven o meu traballo, e gústame compartir con eles e telos informados, para min é un orgullo ter xente que valora o meu traballo e está á espera dos proxectos que vou facer.

Mesmo pedías hai pouco ideas para unha nova serie web, que te atrae deste formato e como vai o experimento?



Pois por agora é un proxecto que levarei a cabo no meu tempo libre. Aproveitar eses paróns de rodaxes para non quedar quieta, e o formato serie web paréceme moi interesante pola súa capacidade de difusión.

Tamén tes colaborado en curtametraxes, é un xeito de apoiar á xente que comeza e de dinamizar o sector cando cada vez se financian menos longas?

Para calquera proxecto, se o guiión, ou o proxecto é serio, intento involucrarme, sempre e cando poida. Pero é certo que debemos apoiar a quen está empezando, son moi importantes eses primeiros pasos e oportunidades para quen comeza neste mundo.

Ao tempo que empezabas a rodar a nivel estatal, declarábaste “decepcionada pola situación dos actores na TVG” e cada vez as distintas canles dedican máis horas ás redifusións. Como ves o

sector audiovisual galego e que mudanzas deberían darse?

Creo que a TVG, foi e é un instrumento imprescindible para a creación da nosa identidade, a normalización da lingua, a difusión cultural, etc. Pese a ser un sector estratéxico, declarado pola Xunta, o investimento no audiovisual non fai máis que minguar ano a ano, o que se traduce en menos contidos, e menos traballo para os actores e técnicos do sector audiovisual.

No Día de Galicia compartías unhas fermosas palabras e é coñecido que non só falas galego diante da cámara. Como definirías o teu compromiso co país?

Estou moi orgullosa de ser galega e vivir a nosa cultura. Amo

“Colaborar con causas sociais é unha forma de devolverlle ao público unha pequena parte do que nos dá”

a miña terra e a miña lingua, medrei con ela, e nada me faría máis feliz que poder seguir traballando en Galicia e en Galego.

“Amo a miña terra, nada me faría máis feliz que poder seguir traballando en Galicia e en Galego”

Adoitas apoiar a artesanía e a moda galega lucindo deseños das nosas creadoras e creadores. Dirías que os talentos da terra non están suficientemente valorados?

Remítome ao dito “ninguén é profeta na súa terra”. Está claro que nos custa apreciar o que temos preto, pero eu confío que co tempo a xente valore toda a calidade e a creatividade que temos en Galicia, que é moooiita!!!

Entre as túas múltiples afeccións están as clases de combat e kick boxing no ximnasio, recomendaríasllo a máis de un para liberar tensións?

Si, por suposto! Pero recomendaría calquera tipo de deporte,



* eu non sei vivir sen facer exercicio. Unha das miñas frases favoritas é: “non hai mellor medicina, que estar san”.

“O investimento no audiovisual non fai senón minguar, o que se traduce en menos contidos e menos traballo”

Cando xa eras un coñecido rostro televisivo interpreta-ches a Salomé na montaxe do Centro Dramático Galego. Como viviches este papel protagonista no teatro profesional?

Pois foi un auténtico agasallo, poder darlle vida a esa Salomé, gardo un recordo moi moi fer-

moso. Foi intenso pero aprendín moitísimo, e vivín tantas sensacións cada vez que saía ao escenario, que non se poden describir. O teatro é maxia, e estou moi agradecida a Carlos Santiago, o director, por confiar en min e darme esa oportunidade.

Cales son os próximos plans de María Mera?

Por agora seguir rodando o Faro, que aínda nos quedan uns meses. E logo, con moitos proxectos en vista, pero coma sempre non se poden desvelar ;)

Concluindo, se me deixan penso seguir traballando e aprendendo, e se non pois aprendendo.



A actriz con zocos e carteira da artesá Elena Ferro



María Mera presentando a gala da asociación Sarela. FOTO: Sarela



INFÓRMATE a FONDO

Edita: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
Redacción e Administración: Avda. Joselín 7 P3 4B
36300 Baiona (Pontevedra)
Tel/Fax: 986 357 238 / 698 144 536
Internet: <http://www.fondogalego.org> email: info@igadi.org
Depósito Legal: VG-473-2007
Autorízase a reprodución e divulgación desta folla informativa



XUNTA
DE GALICIA



cooperacióngalega

SOCIOS DO FONDO GALEGO Concellos: **A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Laracha, A Pobra de Trives, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Abegondo, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Burela, Cabanas, Caldas de Reis, Cambre, Carballo, Cartelle, Castrelo de Miño, Castroverde, Cedeira, Corcubión, Covelo, Culleredo, Cuntis, Dumbría, Fene, Ferrol, Fornelos de Montes, Gondomar, Laxe, Lousame, Lugo, Malpica de Bergantiños, Manzaneda, Moaña, Mondoñedo, Monforte, Moraña, Mugar dos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixo, O Porriño, O Valadouro, Oímbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Ponteareas, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago de Compostela, San Sadurniño, Sarria, Soutomaior, Teo, Tomiño, Triacastela, Valga, Vereia, Verín, Vigo, Vilar de Santos, Vilardevós, Viveiro, Xove**
Deputacións: **A Coruña, Lugo.**

